


CEIP PLURILINGÜE MARÍA BARBEITO E CERVIÑO

PROXECTO LECTOR

CURSO 2021-2022



BIBLIOTECA DRACOAVENTURAS

ÍNDICE

{Introdución: a biblioteca escolar, un recurso imprescindible	2
Xustificación lexislativa	3
Análise do contexto e da situación actual	4
Obxectivos	6
4.1. Obxectivos xerais	6
4.2. Obxectivos específicos	7
Fundamentos e organización	8
Criterios metodolóxicos	11
Participación da comunidade escolar	12
Recursos materiais	13
Actuacións destinadas ao fomento da lectura, a escritura e das habilidades relacionadas co tratamento e produción da información	14
Criterios e procedementos de avaliación	16

1. Introducción: a biblioteca escolar, un recurso imprescindible

Non hai espectáculo máis fermoso que a mirada dun neno que le.

Günter Grass

A lectura supón unha chave para entrar no mundo da información e dos saberes, pero tamén das ficcións e as fantasías. A lectura permite aos rapaces e ás rapazas acceder ao coñecemento, mellorar as súas habilidades lingüísticas e comunicativas e desenvolverse autonomamente na súa vida cotiá. Ao mesmo tempo, favorece o desenvolvemento da personalidade e da capacidade crítica. A día de hoxe, tampouco podemos dúbida das súas repercusións nos ámbitos da ortografía, da adquisición de vocabulario e de mellora das expresións oral e escrita, enriquecendo a creatividade.

Por todo isto, a lectura debe ser, e de feito é, un obxectivo de aprendizaxe esencial da Educación Primaria, a través de todas as súas áreas e todos os seus niveis.

Porén, non debemos quedarnos só na primeira etapa, que consistiría nunha lectura mecánica, centrada na decodificación da mensaxe, senón que o noso obxectivo final debe ser a lectura comprensiva, na que se elaboran significados a través da conexión entre as informacións lidas e as informacións coñecidas.

A fin de dar resposta a esta necesidade e guiar este proceso cara ao noso obxectivo, elaboramos este proxecto lector, como un documento que integrará os principios básicos que adoptará o conxunto do profesorado e todas as intervencións que destes principios se deriven, destinadas ao fomento da lectura, a escritura e as habilidades relacionadas co tratamento da información en relación coa adquisición das competencias básicas e, máis directamente:

- a competencia en comunicación lingüística
- a competencia dixital
- a competencia persoal, social e de aprender a aprender

- a competencia en conciencia e expresións culturais.

Nesta labor, a biblioteca escolar constitúe unha colección de recursos materiais e intelectuais, como o foi sempre, pero camiña, da man do progreso social e dos avances técnicos, cara a un espazo de creatividade, intercambio e innovación. Este camiño require un cambio da mirada pedagóxica e das dinámicas que rexen os centros educativos. Debe constituír, polo tanto, o centro neuráxico de todo o coñecemento e aprendizaxe que poñemos en marcha na escola. Neste marco, o diálogo social e o intercambio cos axentes sociais e culturais da contorna é ineludible, xa que nos brinda a oportunidade de abordar de maneira contextualizada, a través da sensibilización e a empatía, o fomento de valores coma o respecto ás persoas e ao noso entorno, a atención á diversidade, a igualdade entre sexos, a interculturalidade, etc.

Así enfocado desde a biblioteca escolar, o noso traballo incide directamente nos obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS), especialmente no que atañe á educación de calidade, á fin da pobreza, á igualdade de xénero, á redución das desigualdades e ás alianzas para lograr obxectivos. A biblioteca escolar é unha ferramenta moi poderosa para loitar contra as desigualdades de todo tipo, actuando coma un elemento compensador e ofrecendo posibilidades de futuro ás novas xeracións.

A elaboración deste documento debe contribuír, polo tanto, á sistematización das actividades de referencia no centro e permitir, ao mesmo tempo, repensar as prácticas pedagóxicas en relación á máxima calidade do ensino.

2. Xustificación lexislativa

No artigo 2 de *Fines* da LOE (Ley Orgánica 2/2006 de 3 de mayo, de Educación) reflíctese a importancia de que os poderes públicos presten especial atención a, entre outros elementos, ao fomento da lectura e o emprego das bibliotecas. Concentrándonos xa nos principios pedagóxicos que rexen o noso sistema educativo, podemos ler no artigo 19.2:

“sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das áreas da etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento traballaranse en todas as áreas”

e no artigo 19.3:

“A fin de fomentar o hábito e dominio da lectura todos os centros educativos dedicarán un tempo diario á mesma, nos termos recollidos no seu Proxecto Educativo”.

Con respecto á LOMLOE (Ley Orgánica 3/2020, de 29 de diciembre, por la que se modifica la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación), a importancia da lectura xa vén recollida desde a mesma exposición de motivos. No artigo 19.3 completa a redacción da LOE co seguinte: *“Co obxecto de facilitar dita práctica, as Administracións educativas promoverán planes de fomento da lectura e de alfabetización en diversos medios, tecnoloxías e linguaxes. Para iso contarase, no seu caso, coa colaboración das familias e do voluntariado, así como o intercambio de boas prácticas”.*

A necesidade de contar especificamente cun Proxecto Lector no centro veu sinalado xa polo artigo 6.4 do Decreto 130/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Primaria en Galicia:

“Coa finalidade de fomentar o hábito da lectura, os centros elaborarán e aplicarán un proxecto lector que se axustará ás liñas básicas que se publican como anexo IV ao presente decreto, asegurándose como mínimo media hora diaria”.

Posteriormente, o Decreto 105/2014, de 4 de setembro, continuou nesta liña, resaltando a súa importancia deste Proxecto e da Biblioteca Escolar como centro de referencia de recursos da lectura da información e da aprendizaxe e como punto de encontro entre alumnado, profesorado e familias, estimulando os intercambios culturais no centro (art. 18). Neste artigo, establécese que o proxecto lector será incluído no Proxecto Educativo e servirá de referente para a elaboración dos plans anuais de lectura que deberán incluírse, á súa vez, na programación xeral anual.

3. Análise do contexto e da situación actual

O CEIP Plurilingüe María Barbeito e Cerviño é un centro urbano situado na rúa Alcalde Salorio Suárez, na cidade da Coruña. Está emprazado nun gran barrio moderno e en vías de expansión, entre a zona industrial da cidade (Refinería, polígonos industriais) e a zona comercial (Rúa Barcelona, Os Rosais). Na contorna hai outros dos centros de titularidade pública e o IES de referencia é o IES Agra do Orzán.

O centro, de liña 3, consta de nove unidades de Educación Infantil (4º, 5º e 6º) e de dezaioito de Educación Primaria.

O claustro do centro está formado maioritariamente por persoal definitivo, o que posibilita o establecemento dunhas directrices de traballo e favorece a súa continuidade no tempo.

As familias pertencen á clase media e medio-baixa, predominando os matrimonios novos onde traballan ambos os dous, cunha media dun ou dous fillos. Adícanse principalmente a traballar no sector de servizos, industrial e funcionariado, aínda que existe unha minoría de baixo poder adquisitivo debido ao paro e a outras circunstancias. Nos últimos anos, houbo un incremento de familias procedentes do norte de África e de países latinoamericanos como Venezuela, Colombia ou Perú.

O nivel de comprensión lectora e expresión escrita do alumnado oscila dentro dos valores normais para cada grupo de idade. Porén, hai alumnado que presenta dificultades de lectura ou comprensión lectora, polo que se teñen especialmente en conta as súas capacidades e necesidades á hora de suxerir-lles as lecturas.

Na zona predomina o emprego do castelán como lingua vehicular o que condiciona a disposición cara á lectura en lingua galega. Un dos aspectos que se traballa desde as aulas é a recomendación de alternar lecturas nas diferentes linguas que se imparten no centro (castelán, galego e inglés), tanto nos materiais que consultan na propia biblioteca como nos que levan en empréstito.

Desde as aulas anímase a lectura coas bibliotecas de aula e o intercambio de libros, entre outras dinámicas habituais.

No tocante ao punto de partida do profesorado, ao comezo de curso detectamos necesidades formativas con respecto a todos os aspectos de dinamización da biblioteca e a reorganización de espazos, xa que moitas das persoas incorporáronse por primeira vez ao equipo e os requisitos precisos da entrada no PLAMBE requirían modificacións substanciais de espazos e dinámicas de traballo. Estas necesidades foron abordadas a través do PFPP do centro.

Por outra banda, algunhas persoas non contaban con coñecementos de catalogación no Programa Meiga, mais tendo en conta a súa relevancia na xestión cotiá da biblioteca, considerouse unha dificultade importante. Esta necesidade non puido ser cuberta, xa que nos próximos anos o Programa Meiga será substituído, polo que xa non se imparte esta formación. Porén, entre os membros do equipo organizámonos para paliar estas carencias ofrecendo axuda aos compañeiros e compañeiras e redistribuíndo as tarefas.

Entre todas as persoas que conforman o claustro detéctanse necesidades formativas en relación coas tecnoloxías da información e a comunicación para desenvolverse de forma axeitada e autónoma con programas específicos (o Meiga, entre outros), co blog, coa pizarra dixital, coas tablets, cos robots, etc. Subsanando estas carencias, calquera membro do claustro podería desempeñar funcións de biblioteca ou de respaldo ás tarefas que se propoñen. O centro está traballando nesta liña, para mellorar no emprego destas ferramentas e impactar na dinamización da biblioteca e, por extensión, ao cambio de metodoloxía global.

4. Obxectivos

4.1. Obxectivos xerais

- Converter a lectura nunha estratexia que beneficie a aprendizaxe e o desenvolvemento de todas as competencias básicas, especialmente a competencia en comunicación lingüística; a competencia dixital; a competencia persoal, social e de aprender a aprender e a competencia en conciencia e expresións culturais.
- Fomentar a lectura desde un proxecto global de centro, integrándoa no currículo a través de intervencións sistematizadas na aula e na biblioteca escolar.
- Desenvolver, de xeito xeral, a competencia lectora, a través do traballo con diferentes tipos de códigos (escritos, audiovisuais, sonoros...), diferentes tipos de textos (narrativos, expositivos, poéticos...) e a integración das TIC en situacións contextualizadas de busca e emprego de información.
- Fomentar e practicar distintas técnicas de lectura en función da necesidade curricular ou persoal.
- Fomentar a competencia literaria, desenvolvendo o gusto persoal e a recepción crítica dos textos.
- Favorecer a adquisición de estratexias e habilidades para o acceso e o uso crítico da información.
- Promover a interrelación das prácticas lectoras e escritoras traballadas no ámbito escolar coas necesarias no ámbito social.

- Facer da lectura un recurso esencial para atender á diversidade do alumnado, nas súas capacidades, intereses e necesidades, e un elemento compensador das diferenzas sociais.
- Implicar a toda a comunidade educativa no desenvolvemento do hábito lector.
- Organizar os espazos da biblioteca escolar e seleccionar o fondo bibliográfico adaptado ás necesidades do centro.

4.2. Obxectivos específicos

EDUCACIÓN INFANTIL

- Visitar a biblioteca e coñecer as normas básicas que a rexen.
- Identificar as zonas onde se atopan os libros e os materiais especialmente destinados a este nivel.
- Promover a identificación da biblioteca cun lugar de traballo e coñecemento, pero tamén de lecer e goce.
- Favorecer a comprensión lectora coa axuda de imaxes e outros recursos visuais.
- Dispor favorablemente ao alumnado ao proceso de lectoescritura.

1º CICLO DA EDUCACIÓN PRIMARIA

- Coñecer e aplicar as normas da biblioteca para un correcto funcionamento da mesma.
- Realizar actividades básicas de formación de usuarios, que lles permitan actuar con certa autonomía.
- Desenvolver hábitos de coidado e respecto cara aos diferentes materiais e recursos dispoñibles.
- Adquirir o proceso mecánico de lectoescritura.
- Favorecer a comprensión lectora coa axuda de imaxes e outros recursos visuais.
- Promover o contacto do alumnado con materiais textuais de diferentes tipos e en diferentes soportes.

2º CICLO DA EDUCACIÓN PRIMARIA

- Adquirir plena autonomía no emprego da biblioteca como fonte de recursos para o coñecemento e o lecer.
- Iniciarse na busca autónoma de información en distintas fontes.
- Investigar nas preferencias lectoras individuais.

- Ler con fluidez, entoación e velocidade axeitadas á súa idade diferentes tipos de textos.
- Favorecer a comprensión lectora a través de diferentes estratexias previas (título, imaxes, etc.).
- Iniciarse na elaboración propia de distintos tipos de textos relacionados coa súa vida cotiá: descrições, contos, etc.

3º CICLO DA EDUCACIÓN PRIMARIA

- Utilizar autonomamente a biblioteca, axudando a outros membros da comunidade escolar a desenvolverse nela.
- Buscar autonomamente información en distintas fontes e ser quen de seleccionar a máis relevante.
- Afianzar a lectura individual comprensiva e silenciosa de diferentes tipos de textos.
- Desenvolver a sensibilidade aos diferentes recursos estilísticos empregados polo autor/a (comparacións, personificacións, ironías, etc.).
- Desenvolver a expresión escrita con coherencia, orde e claridade.
- Coñecer a estrutura dos diferentes tipos de textos, tanto desde o punto de vista da recepción como da expresión.

5. Fundamentos e organización

O equipo de biblioteca, composto por un grupo de entre 10 e 15 membros, debe estar coordinado por unha persoa con destino definitivo e, na medida do posible, con formación específica en Bibliotecas Escolares, de xeito que se garanta no tempo a continuidade do traballo realizado. Tanto a persoa coordinadora coma os membros do equipo, con representación de todos os ciclos, contan con sesións para o traballo na biblioteca.

O horario de apertura da biblioteca será pola mañá, en horario lectivo, e polas tardes de luns a venres, en horario de 16 a 18, baixo a vixilancia das persoas de garda. Porén, o equipo de biblioteca establecerá quendas para que o alumnado dos distintos cursos poida acceder á biblioteca garantindo unha ratio axeitada para o desfrute da lectura.

Ademais, cada grupo de alumnos e alumnas disporá dunha sesión semanal de biblioteca para desenvolver diferentes actividades como lectura libre, investigacións ou empréstitos. Nos periodos de lecer (11:30 a 12:00), a biblioteca estará dispoñible para a consulta, o xogo e o empréstito. O equipo de biblioteca poderá establecer quendas se así o aconsellan as circunstancias.

No momento que se incorpora unha nova persoa ao equipo de biblioteca, esta debe ser informada da distribución de materiais, da organización dos espazos, do estado das tarefas pendentes e da xestión ou organización interna do equipo.

A finais de curso debe quedar establecido o tema central do proxecto documental integrado, a fin de facilitar a organización dos mestres e mestras de cara ao seguinte curso.

A comezos de curso, co tema xa decidido, elaborárase o Plan Anual de Lectura que será posto a disposición do claustro o antes que sexa posible. Asimesmo, para guiar as actuacións e dar a coñecer as principais conmemoracións e actividades que organizará a biblioteca en cada trimestre, facilitarase unha breve programación consensuada cos diferentes equipos de traballo do centro. A partir de aquí, cada titoría poderá enriquecer este traballo coas súas propias ideas e aportacións.

Unha das primeiras actuacións a levar a cabo é a selección e organización dos fondos da biblioteca para dar resposta ás necesidades documentais que poidan xurdir na elaboración do proxecto ou das diferentes actividades propostas. Esta revisión de fondos nos permitirá organizar as mochilas viaxeiras, para que poidan comezar a súa viaxe o antes posible.

A partir de aquí, comeza o proceso de catalogación, comprobación do estado de material, arranxo de libros ou expurgo, de ser o caso. A alta e baixa dos distintos materiais da biblioteca lévase a cabo no programa Meiga. Todos os membros do equipo deben saber realizar empréstitos e devolucións, mentres que a organización da catalogación queda en mans da persoa coordinadora. Cómpre catalogar todos os recursos dispoñibles no centro para facilitar o inventariado e a súa substitución, chegado o caso. Isto non quere dicir que a ubicación dos materiais teña que ser a biblioteca de primaria. O lugar de almacenaxe dos recursos debe quedar sinalado no seu rexistro en Meiga.

Tentando minimizar o impacto medioambiental do centro e considerando o gasto que supón a renovación periódica dos carnés, o equipo de biblioteca decidiu non volver a empregar carnés. No seu lugar, cada aula recibe a listaxe cos números de carné e, ademais, a biblioteca contará cunha listaxe actualizada do alumnado do centro e o número de carné asignado, que estará dispoñible para a realización dos empréstitos. Entre as actividades que desenvolve a biblioteca ao longo do ano, podemos sinalar as seguintes:

Actividades / accións	Temporalización
Revisión do Proxecto Lector	Setembro
Elaboración do Plan Anual de Lectura, aprobación no claustro e incorporación na PXA	Setembro
Elaboración da programación trimestral de actividades (1º trimestre)	Setembro
Organización das horas de biblioteca para as titorías	Setembro
Actualización dos números de carnés (altas e baixas)	Setembro
Análise da situación da biblioteca e das necesidades inmediatas para o comezo da dinamización	Setembro
Elaboración de marcadores persoais para os estantes (desde as titorías)	Setembro
Adquisición de primeiros fondos	Setembro/outubro
Proposta de avaliación inicial	Setembro/outubro
Organización e posta en marcha das Mochilas Viaxeiras	Outubro
Formación dos "voluntarios"	Outubro
Formación de usuarios	Outubro
Traballo de expurgo	Outubro (e sempre que se detecte material obsoleto ou en mal estado).
Análise dos fondos dispoñibles en atención ás porcentaxes recomendadas (60%-40%).	Outubro/novembro
Proposta de libros para mercar en Nadal	Novembro/décembro
Proposta de libros para mercar co gallo do Día do Libro	Marzo/Abril
Proposta de libros para mercar para verán	Maio/Xuño
Comprobación do contido das Mochilas Viaxeiras	Xuño
Comprobación e devolución de todo o material emprestado ao alumnado, profesorado e ás aulas. Expurgo e arranxo, de ser o caso.	Xuño
Avaliación das actividades realizadas e do desempeño do equipo ao longo do curso.	Xuño
Proposta da temática do PDI para o ano seguinte.	Xuño

Traballo de catalogación, rexistro, selado e organización de material novo	Ao longo de todo o ano
Adquisición de novos fondos que dean resposta ás necesidades do centro	Ao longo de todo o ano
Difusión das novidades	Ao longo de todo o ano cunha periodicidade quincenal
Actualización do blog da biblioteca e do PDI	Ao longo de todo o ano
Atención do correo electrónico e outras comunicacións	Ao longo de todo o ano
Revisión do buzón de suxestións	Ao longo de todo o ano

Estas actividades constitúen o punto de partida do traballo do equipo, mais ao longo do curso xorden outras necesidades ás que a biblioteca, como eixo vertebrador das actividades de investigación e situacións de aprendizaxe interdisciplinares, debe dar cumprida resposta. Fóra deste cadro quedan tamén todas as conmemoracións e propostas concretas que cada ano se desenvolvan, xa que quedarán recollidas e debidamente especificadas no Plan Anual de Lectura.

6. Criterios metodolóxicos

O fomento da lectura debe abordarse como un proceso dinámico e flexible, que se adapte ás necesidades e intereses do alumnado dun xeito natural, a través de propostas atractivas.

É fundamental que os fondos da biblioteca se manteñan actualizados e respondan ás idades, características e necesidades informativas ou de pracer de todo o alumnado do centro.

A colaboración entre os membros do claustro constitúe unha peza clave neste proceso, intercambiando recursos, pareceres e estratexias a fin de enriquecer as perspectivas individuais e contribuír á construción dunha folla de ruta común. Algunhas estratexias a considerar polo claustro son: o traballo exhaustivo con textos para favorecer a comprensión; comprobar sistematicamente a comprensión, tanto dos textos lidos en voz alta como na lectura silenciosa, por medio de preguntas ou outros medios; analizar e comentar o vocabulario, fomentando a incorporación de novas palabras e a construción dun léxico progresivamente máis preciso e rico; normalizar o feito de ter dúbidas como un proceso necesario de toda aprendizaxe, eliminando os medos a

preguntar e favorecendo o emprego do dicionario como ferramenta esencial; promover a dedución de significados polo contexto e/ou por etimoloxía.

Asimesmo, nas aulas traballarase a entoación e o ritmo lector, como ferramentas que axudan á comprensión dos textos e eliminan barreiras comunicativas.

O cómic e o álbum ilustrado deben ser considerados como interesantes elementos de motivación e fonte de novas propostas de análise e construción persoal de mensaxes.

A biblioteca do centro será o espazo de referencia para as actividades culturais que se desenvolvan no centro, alén de contacontos, dramatizacións ou visitas de autores e autoras. Do mesmo xeito, debe constituir o eixo fundamental para o impulso de proxectos e situacións de aprendizaxe integradas e multidisciplinares, fornecendo ao alumnado e profesorado dos recursos que precisen para desenvolvelos.

Desde a biblioteca fomentarase o traballo interdisciplinar, xa que os distintos coñecementos, saberes, necesidades comunicativas, etc. atópanse estreitamente interrelacionados na vida que nos arrodea e así debemos transmitirlo ás rapazas e rapaces.

As TIC deberán ser un recurso básico que deberán integrarse de xeito natural nas actividades que se propoñan desde este proxecto e desde a súa concreción anual. A información xa non é patrimonio exclusivo dos libros e, polo tanto, debemos dotar ao alumnado das competencias que os capaciten para buscar información en fontes fiables, acceder a recursos dixitais que complementen a súa formación na aula e que favorezan neles unha competencia comunicativa aberta, respectuosa cos demais e adaptada aos contextos comunicativos concretos. Para iso, as TIC deben estar presentes no centro a través de buscas guiadas e/ou autónomas de información na rede, visitas virtuais a museos, experiencias de realidade virtual e realidade aumentada, emprego de blogs e foros, actividades de programación e robótica, etc.

7. Participación da comunidade escolar

A implicación de todo claustro é a pedra angular que sustenta a posta en práctica do Proxecto Lector con garantía de éxito, polo que é fundamental animar á participación activa de todas as persoas que o conforman.

Aínda que a coordinación da biblioteca e da xestión dos recursos dispoñibles recae sobre o equipo de biblioteca, todo o equipo docente do centro está implicado no

desenvolvemento do proxecto lector e do plan de lectura anual a través da posta en marcha na súa área no disposto nestes documentos.

Os usuarios habituais da biblioteca son o alumnado e o profesorado do centro. En lugar de simples usuarios, os alumnos e alumnas participarán e colaborarán na posta en marcha das diferentes actividades propostas e na organización e funcionamento da biblioteca.

Pola súa banda, as familias serán invitadas a participar nalgúns actividades de xeito puntual, pero serán un apoio fundamental constante na motivación do alumnado e no fomento do hábitos lectores a través das visitas familiares ás bibliotecas municipais, as compras de libros ou a participación noutras actividades culturais promovidas polo concello. Desde comezo de curso, darase difusión ao Proxecto Lector e ao Plan Anual de Lectura para facilitar a participación das familias a través de ideas e experiencias concretas. Ademais deste documento, o blog da biblioteca tentará dar resposta a estas necesidades mediante propostas culturais, ideas, consellos para a busca de información e recursos dixitais.

8. Recursos materiais

O centro conta, inicialmente, con dous espazos destinados á biblioteca: un no edificio administrativo, que constitúe o espazo principal de referencia para todas as actividades desenvolvidas para o centro en xeral e, máis concretamente, para Educación Primaria, e outro no edificio de infantil, orientado ás actividades de promoción da lectura de Educación Infantil.

Ambos espazos están a ser analizados e reestruturados. No caso da biblioteca de primaria, levouse a cabo una remodelación, retirando mobiliario innecesario para permitir o desenvolvemento doutras actividades, como robótica ou xogos de mesa, ao tempo que o configuramos como un espazo esteticamente agradable que invite a entrar e a disfrutar nel. Ademais, fíxose un importante expurgo de libros obsoletos e en mal estado, para facer espazo para novas adquisicións. O espazo da biblioteca de infantil está a ser obxecto de análise con intención de empregalo para outras actividades máis adaptadas ás necesidades do centro.

O expurgo permitiunos ser máis conscientes do material co que contamos e das carencias que temos con respecto á determinadas temáticas ou tipos de material. Agora mesmo, polo tanto, os recursos non son suficientes, pero iremos progresivamente enriquecendo a nosa biblioteca, priorizando nas adquisicións as

demandas feitas polas aulas para dar resposta aos distintos proxectos e situacións de aprendizaxe. Nestas adquisicións procurárase que o material sexa o máis diverso, atractivo e interesante posible.

No espazo da biblioteca, aínda que non é definitivo, contamos cun área para os máis pequenos (Infantil e Primeiro ciclo), unha zona de lectura informal, unha zona de traballo, uns postos de consulta, unha zona de préstamo e catalogación e unha zona audiovisual dotada con proxector.

Con respecto aos fondos, contamos con materiais en galego, castelán e inglés, dado o carácter plurilingüe do noso centro. Atopamos exemplares de moi diversa tipoloxía: obras de referencia e libros de consulta (enciclopedias, dicionarios, libros sobre as diversas temáticas da CDU), narrativa infantil e xuvenil, poesía, biografías, cómics e libros de consulta para o profesorado. Con respecto ao formato material, dispoñemos de material impreso como libros, revistas, xornais e cómics; material audiovisual, como DVD e CD; equipamento dixital como ordenadores, tablets e robots, e outros materiais como xogos de mesa.

A ubicación dos fondos é principalmente a biblioteca de primaria, mais existe a posibilidade de facer préstamo de aula para a Hora de Ler.

9. Actuacións destinadas ao fomento da lectura, a escritura e das habilidades relacionadas co tratamento e produción da información

Como xa xustificamos anteriormente, a importancia do Proxecto Lector no desenvolvemento das competencias básicas está amplamente recoñecida na lexislación educativa actual, polo que implica no acceso ao coñecemento a través da lectura, nas súas implicacións na comunicación oral e escrita e, polo tanto, nas relacións interpersoais, no desenvolvemento do espírito crítico e da propia personalidade... Por este motivo, desde este proxecto se propoñen unha serie de actividades para desenvolver a nivel de centro, que se complementarán coas propostas actualizadas do Plan Anual de Lectura.

Entre as actividades de fomento da lectura propostas no centro contamos con:

- Hora de Ler
- Mochilas viaxeiras.

- Colaboracións coas bibliotecas municipais (concretamente coa nosa biblioteca de referencia, a do Ágora).
- Contacontos.
- Encontros con persoas relevantes do mundo da escritura, da ilustración...
- Conmemoracións: semana da Prensa, Día do Libro, Día de Rosalía, Día das Letras Galegas...
- Concursos de escritura, debuxo ou fotografía relacionados coas propostas da biblioteca.
- Actividades de centro, de nivel ou de aula relacionadas co PDI.

INTERVENCIÓNS QUE DEBEMOS SISTEMATIZAR NA NOSA PRÁCTICA

A. En relación co fomento da lectura

- Facer suxestións e recomendacións entre aulas ou niveis, xa sexa en formato escrito ou presencial, ben sexa a través de recursos dixitais/audiovisuais como podcasts ou vídeos (BookTubeiros).
- Configurar un buzón de suxestións de compra para a biblioteca (físico ou dixital).
- Organizar presentacións de libros de interese para a comunidade escolar.
- Actividades de intercambio de pareceres lectores, tipo coloquios, libro-forum ou clubs de lectura.
- Propostas lectoras en torno a determinados temas ou xéneros de interese para o alumnado e/ou profesorado.
- Elaboración de guías de lectura e propostas concretas de traballo, recompilando e poñendo en valor a labor do claustro.
- Organizar e difundir exposicións temáticas.
- Retomar os apadriñamentos lectores.
- Favorecer o traballo de lectura crítica e análise de textos dos medios de comunicación.
- Promover a colaboración das familias en dinámicas como contacontos, recomendacións literarias, etc.

B. En relación co fomento da escritura e a expresión persoal e creativa

- Organizar concursos de escritura, debuxo, fotografía e outras modalidades de expresión creativa.
- Fomentar os xogos lingüísticos e de vocabulario.

- Promover e valorar a recuperación da tradición oral e a poesía a través de recompilacións, análise de recompilacións alleas, creación partindo de modelos...
- Crear libros colectivos en torno a diferentes tipos de textos, temáticas ou estruturas.
- Implicar ao alumnado na elaboración da revista escolar.
- Fomentar o recitado e a dramatización desde o goce de compartir creacións propias ou alleas.
- Favorecer a elaboración creativa e libre de materiais de todo tipo: contos, cómics, ilustracións, poemas, carteis, cancións...

10. Criterios e procedementos de avaliación

A avaliación é un proceso que debe estar presente en todas as dinámicas do centro que persigan unha educación de calidade, desde o traballo nas aulas, pasando polo desempeño de cada profesor. Dada a súa relevancia para a vida diaria do centro, a biblioteca non pode quedar allea a este proceso de autoanálise da súa actividade.

Considerando o carácter formativo da avaliación, a súa presenza debe ser constante desde o inicio mesmo do curso escolar e posta en marcha das primeiras actividades.

Será continua, ao longo de todo o curso, para poder valorar as necesidades, intereses, preferencias e suxestións de todos os membros da comunidade educativa. No camiño, deberá facerse un balance dos resultados das diferentes propostas que partan da biblioteca, a fin de recoller as dificultades atopadas, así como os acertos e os fracasos. Esta retroalimentación deberá provir tanto das persoas organizadoras das actividades, como do alumnado e o profesorado implicado, facilitando a incorporación de diferentes puntos de vista e contribuíndo á obxectividade das conclusións acadadas.

Porén, debemos partir dunha avaliación inicial, que pode recoller cuestións relacionadas cos hábitos lectores da comunidade escolar, a disposición do claustro ante as propostas do Plan Anual de Lectura, os recursos dispoñibles para acadar os obxectivos e as posibles dificultades que poden xurdir.

Durante o proceso avaliaremos:

- a adecuación das actividades aos obxectivos establecidos.
- a actitude, a motivación e a participación do alumnado e o profesorado.

- os recursos (tanto a súa dispoñibilidade como a súa eficacia para o logro dos obxectivos).

Á fin, teremos en conta:

- a actitude, a motivación e participación global da comunidade educativa.
- a valoración das diferentes actividades e propostas.
- o grao de satisfacción da comunidade educativa cos resultados acadados.
- o grao de cumprimento dos obxectivos establecidos, a análise daqueles non acadados e as causas que dificultaron o seu cumprimento.
- as dificultades atopadas durante a posta en marcha do proxecto.
- a adecuación das modificacións que se realizaron, se ser o caso.
- os aspectos susceptibles de mellora.

Como técnicas e instrumentos empregaremos o cuestionario, a análise das suxestións recibidas e a observación directa e indirecta. Nas reunións do equipo de biblioteca serán abordadas as cuestións relacionadas co balance e a avaliación das actividades, como mínimo, unha vez ao trimestre, con intención de facer as modificacións oportunas para acadar os obxectivos establecidos no proxecto.